

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 21 de decembro de 2012

31-301 Explotación do Rexistro de Maquinaria agrícola

PROXECTO TÉCNICO

1. Normativa e organización

O Real Decreto 2140/1985, refunde e actualiza os requisitos esixibles aos tractores agrícolas de rodas e aos seus remolques para circular polas vías públicas como condición previa a súa matriculación. O anexo 11 deste Real Decreto determina, no apartado 1.4, a documentación que o titular dun vehículo debe acompañar á solicitude de matriculación do mesmo na xefatura provincial de tráfico, entre a que atópase a relativa á inscrición do tractor ou remolque nos rexistros oficiais de maquinaria agrícola.

A Orde de 28 de maio de 1987, dispón que maquinaria agrícola haberá de inscribirse nos rexistros, quen está obrigado a solicitar a inscrición das máquinas indicadas e donde se fará a solicitude de inscrición. Ademais dispón os requisitos para a homologación de maquinaria, e para a inscrición de maquinaria equipada con dispositivos de seguridade, e as solicitudes de inscrición e baixa, cos seus prazos.

En canto á seguridade vial, o Reglamento General de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 20 de decembro, establece as definicións e categorías dos vehículos, entre os que se inclúen os especiais agrícolas e regula o procedemento para a súa matriculación, esixindo a inscrición previa no Registro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA), regulado mediante a Orden del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, de 28 de maio de 1987, sobre inscrición de Máquinas Agrícolas nos rexistros oficiais.

O Real Decreto 1013/2009 de 19 de xuño (BOE 19 de xullo de 2009), establece a normativa para caracterizar a maquinaria agrícola, así como para regular as condicións básicas para a inscrición desta maquinaria nos rexistros oficiais de maquinaria agrícola das comunidades autónomas.

Para a realización desta operación estatística, desde a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais da Consellería do Medio Rural, e a través do Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións, realízase unha consulta restrinxida do Rexistro de Maquinaria Agrícola, dependente da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, onde se recolle un resumo do parque de maquinaria agrícola existente na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Unidades estatísticas

As unidades a investigar son o conxunto de Tractores Agrícolas, Motocultores, Colleitoras e outras máquinas automotrices, inscritos nos Rexistros Oficiais de Maquinaria Agrícola a 31 de decembro de cada ano, debidamente revisados e actualizados.

Segundo establece o Real Decreto, terán que inscribirse nos *Registros Oficiais de Maquinaria Agrícola*, todas as máquinas que vaian a utilizarse na actividade agraria (agrícola, gandeira ou forestal), que cumpran coa súa correspondente normativa legal, e que pertencen a un dos seguintes grupos:

- a) Tractores agrícolas e forestais de calquera tipo e categoría.
- b) Motocultores
- c) Tractocarros
- d) Máquinas automotrices de calquera tipo, potencia e peso.
- e) Máquinas arrastradas de máis de 750 kg de masa máxima con carga admisible do vehículo en circulación (MMA).
- f) Remolques agrícolas
- g) Cisternas para o transporte e distribución de líquidos.
- h) Equipos de tratamentos fitosanitarios arrastrados ou suspendidos, de calquera capacidade ou peso.
- i) Equipos de distribución de fertilizantes arrastrados ou suspendidos, de calquera capacidade ou peso.
- j) As máquinas non incluídas en algúns dos apartados anteriores, para a cal se concedeu un crédito o unha subvención oficial.
- k) Aquelas máquinas non contempladas anteriormente e que determinen as comunidades autónomas.

Na nosa estatística as unidades consideradas son os tractores agrícolas, motocultores e as máquinas automotrices, dentro das cales se inclúen as colleitoras.

- Tractor agrícola: Vehículo con moita potencia que se emprega en labores agrícolas para mover grandes pesos, arrastrar arados, remolques, etc.
- Motocultor: Arado pequeno provisto de motor, que se guía coas mans, e se utiliza para traballos agrícolas sinxelos en superficies reducidas.
- Colleidora: Máquina movida sobre rodas, autopropulsada ou por arrastre, que sega a colleita e limpa e envasa o gran no seu recorrido polos cultivos.

O ámbito xeográfico é a Comunidade Autónoma de Galicia e proporciónase información para Galicia, e as súas provincias.

3. Variables

O rexistro de maquinaria permite coñecer o parque de maquinaria agrícola existente nunha zona xeográfica determinada e comprobar que as máquinas utilizadas cumpren coa normativa legal vixente, así como constatar o cumprimento dos requisitos exixibles ás máquinas oficialmente subvencionadas.

Variables recollidas no rexistro

Segundo establece o propio Real Decreto, o rexistro de maquinaria agrícola (ROMA) ten que conter os seguintes campos:

- Identificación e características dos titulares das máquinas.
- Identificación, tipoloxía e características da maquinaria.
- Localización onde radica a parte principal da explotación.

Variables derivadas

As variables a investigar serán:

- Número de tractores
- Número de motocultores
- Número de colleitadoras
- Número de outras máquinas automotrices

Para cada unha das variables anteriores determinaranse:

- Existencias de maquinaria a 31 de decembro do ano n-1
- Existencias de maquinaria a 31 de decembro do ano n
- Altas no ano n
- Baixas no ano n

4. Procesamento de datos

O agricultor (individual ou pertencente a unha asociación), representante dunha empresa de servizos agrarios ou dun organismo oficial ou titular dunha máquina destinada á agricultura, deben solicitar da Xunta de Galicia a inscrición desta no Rexistro de Maquinaria Agrícola nos seguintes casos:

- Compra de máquina nova
- Compra de máquina usada de importación
- Cambio de uso
- Cambio de titular

Así mesmo é necesario solicitar a baixa no citado rexistro nos seguintes casos:

- Por cambio de uso (pasa do sector agrario ao de obras e servizos)
- Desguace ou inutilidade
- Por cambio do titular

A documentación necesaria para inscrición de maquinaria no Rexistro de Maquinaria Agrícola é a seguinte:

- Solicitud normalizada
- Fotocopia do DNI e NIF
- Factura de venda, se é o caso, e a súa fotocopia
- Baixa no rexistro dunha provincia distinta á que se solicita, se é o caso
- Tarxeta ITV ou TIT según o caso, e a súa fotocopia
- Facsimil do número de bastidor
- Documento acreditativo de agricultor ou empresa de servizos agrarios
- Certificado de fabricación de estrutura de protección homologada para tractores novos
- Acta de adxudicación de subasta se é o caso
- Certificado de Aduana para máquinas importadas
- Resgardo acreditativo de ter pagado a taxa correspondente

A documentación necesaria para a baixa no Rexistro de Maquinaria Agrícola é a seguinte:

- Fotocopia do DNI
- Cartilla de inscrición

As xestións de inscrición e baixa realizaranse a través da Subdirección Xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias, dependente da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, ou das Xefaturas Territoriais das catro provincias.

A información enviada pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, recíbese coas variables derivadas recollidas no punto 3 deste proxecto técnico para cada unha das catro provincias.

A actualización realizarase anualmente, sendo a data de referencia o mes de decembro.

A depuración dos macrodatos será manual, cotexando a información coa do ano anterior e revisando aqueles casos nos que se atopen discrepancias importantes.

Verifícase que $\text{Existencias (n)} = \text{Existencias (n-1)} + \text{Altas (n)} - \text{Baixas (n)}$

Como non se prevé a ausencia de datos, non se considera necesario realizar ningún tipo de imputación.

5. Deseño da explotación de datos do rexistro

Os datos presentaranse agrupados a dous niveis: provincial, e autonómico.

As variables a presentar como resultado da explotación, e para cada un deses niveis, serán as seguintes:

- Existencias a 31 de decembro do ano n-1
- Existencias a 31 de decembro do ano n
- Altas no ano n
- Baixas no ano n

A información anterior aparecerá desagregada atendendo ao tipo de maquinaria:

- Tractores
- Motocultores
- Colleitoras

- Outras máquinas automotrices

Deste xeito terase unha idea clara da distribución xeográfica do parque de maquinaria agrícola. Neste caso os datos que se faciliten serán sempre definitivos, non procede a obtención de datos avance nin provisionais.

ANEXO I: Documentos de recollida de información

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REGISTRO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA	CODIGO DO PROCEDIMENTO MR437A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE		ADMINISTRACIÓN	
DNI / CIF: _____ REPRESENTANZA LEGALMENTE POR (SE EN EL CARO): _____ DNI: _____ Nº CALIDAD INE: _____ DOMICILIO: _____		Nº de inscrición: _____ Provincia: _____ Data de inscrición: Día Mes Ano Motivo de inscrición: <input type="checkbox"/> Nº de agricultor ou empresa agraria: _____ NIF / CIF: _____ Marca: _____ Modelo: _____ Estructura homologada: _____ Marca: _____ Modelo: _____ Precio (€): _____ Data de 1ª inscrición: Día Mes Ano Matrícula: _____ VE	
SOLICITA a inscrición no Rexistro de Maquinaria de máquinas seguintes:			
Clase: _____	Estructura homologada: _____		
Marca: _____	Marca: _____		
Modelo: _____	Modelo: _____		
Nº de chasis ou bastidor: _____	Nº de serie: _____		
Potencia homologada: _____	Precio de adquisición da máquina: _____		
Combustible: _____	_____ 0,00 €		
Tipo de rodaxe: Rodas <input type="checkbox"/> Cadeas <input type="checkbox"/> (Sen incluír IVA)			

COMPLEMENTO O QUE PROCEDA

Para a súa explotación agraria situada no termo municipal de _____ de _____ Has de cultivo _____

Para a empresa de Servizo para traballos agrícolas a terceiros da que é _____

Licencia fiscal Nº _____ con enderezo en _____

MOTIVO DA INSCRICIÓN

1 Compra de máquina nova
 2 Compra de máquina usada de importación.
 3 Paso do sector obras e servizos ó sector agrario.
 4 Compra o anterior titular.
 5 Outros motivos (indicar cal)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> Fotocopia do NIF. (No caso de non autorizar a consulta)	<input type="checkbox"/> Factura de venda, achegando facsimil no número de bastidor.
<input type="checkbox"/> Tarxeta ITV para máquinas de matriculación obrigatoria.	<input type="checkbox"/> Baixa de Registro de Maquinaria da provincia de _____
<input type="checkbox"/> Tarxeta IT para maquinaria xa inscrita, que non teña ITV.	<input type="checkbox"/> Tarjeta de inscripción.
<input type="checkbox"/> Certificado de fabricación ou relación de características para maquinaria non matriculable.	<input type="checkbox"/> Acta de adjudicación da subasta.
<input type="checkbox"/> Certificado de fabricación de estrutura de protección homologada para tractores novos.	<input type="checkbox"/> Certificado de Adiana para máquinas importadas.
	<input type="checkbox"/> Documento acreditativo de agricultor ou empresa de servizos agrarios.
	<input type="checkbox"/> Resgardo acreditativo de pagar a taxa correspondente.

Autorizo á consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 253/2008, de 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de la Presidencia.

SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 3 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería do Medio Rural como responsable do ficheiro.

Colocada a documentación adianta Selo do Organismo LEGISLACIÓN APLICABLE Orde do 28 de maio de 1987 sobre inscrición de máquinas agrícolas nos rexistros oficiais (B.O.E. 10-6-1987)	SIGNATURA DO/A FUNCIONARIO/A En _____, a 20 de Novembro de 2012 SIGNATURA DO/A SOLICITANTE OU PESSOA QUE O/A REPRESENTA En _____, a 20 de Novembro de 2012
---	---

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en _____



PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE BAIXA NO REGISTRO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR437A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE	ADMINISTRACIÓN
<p>_____</p> <p>DNI / CIP: _____ REPRESENTADORA LEGALMENTE POR (D/E O CARGO)</p> <p>DNI: _____ EN CALIDADE DE _____</p> <p>DOMICILIO: _____</p> <p>SOLICITA que se de de baixa nese Rexistro a máquina reseñada a continuación e inscrita co seu nome:</p> <p>Clase: _____</p> <p>Marca: _____</p> <p>Modelo: _____</p> <p>Nº de chasis ou bastidor: _____</p> <p>Nº de inscrición no rexistro: _____</p> <p>C.V. homologados: _____ Matrícula: _____</p>	<p>Nº de inscrición: _____ Provincia: _____</p> <p>Data de alta no rexistro: _____</p> <p>Data de baixa no rexistro: _____</p> <p>Motivo de baixa: <input type="checkbox"/></p> <p>Nº de agricultor ou empresa agraria: _____</p> <p>NIF / CIF: _____</p> <p>Data 1ª inscrición: _____</p> <p>Matrícula: _____ VE</p>

MOTIVO DA BAIXA (sinalar cun X onde proceda)

1 <input type="checkbox"/> Pasa del sector agrario a outra actividade (obras e servizos)
2 <input type="checkbox"/> Por desmantelamento ou inutilidade.
3 <input type="checkbox"/> Venda da máquina.
4 <input type="checkbox"/> Outros motivos (indicar cá)

ADQUIRINTE DA MÁQUINA

NOME OU RAZÓN SOCIAL: _____
DIRECCIÓN: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI OU NIF. (NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA)	<input type="checkbox"/> CARTELA DE INSCRICIÓN.
---	---

Autorizo á consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de la Presidencia.

SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmasse de que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstas na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería do Medio Rural como responsable do ficheiro.

<p>Colgada a documentación anexa</p> <p>FIRMA DEL/DE LA FUNCIONARIO/A</p> <p>En _____, a 20 de Novembro de 2012</p> <p>FIRMA DEL/DE LA ENCARGADO/A DEL REGISTRO</p> <p>RECIBIMIENTO DE FIRMA</p> <p>ACORDA LA BAJA CON FIRMA _____</p> <p>LEGISLACIÓN APLICABLE</p> <p>Orde do 28 de maio de 1987 sobre inscrición de máquinas agrícolas en los registros oficiales (B.O.E. 10-6-1987)</p>	<p>Sello del Organismo</p> <p>FIRMA DEL/DE LA SOLICITANTE O PERSONA QUE LO/A REPRESENTA</p> <p>En _____, a 20 de Novembro de 2012</p>
--	---

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en _____